
CANDO CHOVE

Texto e ilustracións de LEIRE SALABERRIA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 36 páx. 13 €
V PREMIO ETXEPARE 2011 DE ÁLBUM INFANTIL EN ÉUSCARO

Cando chove (galego)
ISBN 978-84-15250-28-9. Factoría K de Libros. Infantil.

Cuando llueve (castelán)
ISBN 978-84-15250-27-2. Factoría K de Libros. Infantil.

Eurla ari duenean (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-689-9. Factoría K de Libros-Pamiela.

Cando chove...
O meu can métese en todos os charcos do paseo.
Chega á casa coas catro patas e o fociño manchados de lama,
contento, movendo o rabo.
Mamá cólleo do pescozo e méteo no lavabo
ata que sae branco outra vez...

Un álbum poético que plasma a realidade cotiá con outra ollada distinta, porque as nubes e a choiva que soen identificarse coa tristura e co mal humor, enfócanse con optimismo e fantasía: paraugas de cores que se mesturan nas rúas, caracois que festexan a humidade, árbores que reverdecen... A pequena narradora deste libro naïf goza dos días chuviosos porque o seu pai lévaa á escola en coche, chapotea coas súas preciosas botas e pesca peixes imaxinarios nos charcos.

A composición xoga co equilibrio entre texto e ilustracións. O lirismo do relato, o ambiente máxico que envolve palabras e imaxes, empatizan e conmoven os lectores. E malia a luz escasa e tenue deses días chuviosos, a autora non renuncia a impregnar de colorido e de contrastes as páxinas desta obra, que transmite ledicia e invita a pórllle ao mal tempo, boa cara.

“Cando chove” foi galardoado co V Premio Etxepare, que convocan varias entidades locais de Navarra a través dos seus servizos de éuscaro, en colaboración co goberno navarro e coa editorial Pamiela. O traballo de Leire Salaberria foi seleccionado entre 19 proxectos.



-
- **Temática:** motivos para gozar dos días chuviosos, dende o punto de vista dunha nena.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** V Premio Etxepare de Álbum Ilustrado en éuscaro; relato poético, contrastes cromáticos; estilo naïf; vantaxes e desvantaxes da choiva; estados de ánimo asociados ao tempo.
-

Leire Salaberria

(Andoain, 1983)

É licenciada en Belas Artes pola Universidade do País Vasco. Ampliou a súa formación con dous cursos de posgrao sobre ilustración infantil e xuvenil, e deseño gráfico. Actualmente adícase profesionalmente á ilustración. A súa obra foi seleccionada en diversos cursos e becas.

